



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de setembro de 2019**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día dezanove de setembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(801).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 10 de setembro e ordinaria do 12 de setembro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(802).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA “DESENVOLVEMENTO DA ACTUALIZACIÓN DO REXISTRO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 8862/113.

Visto o informe xurídico do 27/08/19 e o informe de fiscalización do 05/09/19, dáse conta do informe-proposta do 26/08/19, asinado polo xefe do Servizo de Admón.

Electrónica, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 03/07/2019 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo para o “Desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo”

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 04/07/2019 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 24/07/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 24/07/2019, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da xefa do Servizo de Contratación de data 26/07/2019, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación de data 26/07/2019.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira



Concello de Vigo

delegada de Xestión Municipal mediante resolución de data 04/07/2019 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramitase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Séptimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo para “Desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo”

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación e asinado en data 26/07/2019.

TERCEIRO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Técnicas Particulares, de data 24/07/2019 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

CUARTO.- Autorizar o gasto de **120.000,00 €**, que inclúe un IVE de **20.826,44 €**, dende o 15 de Setembro de 2019, o cal se imputará ás seguintes partidas e exercicios

Partida	Exercicio	IVA	Base	Importe total
9207.6400002	2019	15.619,83 €	74.380,17 €	90.000,00 €
9207.6400002	2020	5.206,61 €	24793,39 €	30.000,00 €

QUINTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(803).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS EN CONCELEIROS/AS: ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, DISTRITOS E FESTAS ESPECIAIS E ÁREA DE PATRIMONIO, CONTRATACIÓN E XESTIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 598/1102.

Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data 13/08/19, asinada polo alcalde e a secretaria do Goberno Local, que di o seguinte:

Por Resolucións desta Alcaldía de data 18 e 26 de xuño do 2019 levouse a cabo a estruturación das áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos señores e señoras concelleiros e concelleiras do Goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude da dita resolución creouse, entre outras, a Área de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais e atribuíuse ao seu titular a dirección/xestión, organización/planificación e coordinación da actuación na área coa finalidade de acadar os obxectivos previstos.

Con data 11 de outubro de 2018, a Xunta de Goberno Local acordou impulsar o procedemento para a elaboración do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, atribuíndo a responsabilidade da dirección e coordinación do proceso de elaboración e aprobación ao concelleiro delegado da Área de goberno de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, e mediante acordo de data 4 de xullo de 2019



Concello de Vigo

delegou en **ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ, concelleiro-delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais**, as seguintes competencias:

A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.

A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

Co obxecto de desenvolver o contido do citado Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia e cumprir coas obrigas que a Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, impón aos concellos, resulta precisa a delegación de competencias que a citada lei atribúe á Alcaldía na correspondente Área de Goberno,

Por outra banda, en relación coas competencias delegadas en materia de xestión municipal na **Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal**, da que é **concelleira-delegada Dna. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO**, resulta preciso clarificar o ámbito e extensión de a dita delegación no marco da organización directiva e os postos de colaboración aos titulares dos órganos directivos.

Polo exposto, de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e, no exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal ostenta esta Alcaldía ex artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a Resolución de Delegación de Competencias do 26 de xuño de 2019, no tocante á **Área de de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas especiais**, da que é **Concelleiro Ddo. D. ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ**, en materia de parques e xardíns, que quedará redactado do seguinte xeito:

a) En materia de parques e xardíns:

1. Elaborar e propoñer proxectos ao órgano competente para súa aprobación e posteriormente dirixir e xestionar un Plan Director de Melloras para a xestión, conservación e mellora das zonas verdes, áreas infantís e biosaudables e mobiliario urbano.

2. Elaborar e propoñer ao órgano municipal competente a aprobación dun Regulamento de Protección de Zonas Verdes, Espazos Naturais e Parques Forestais no que se prevexan as accións necesarias para a defensa das zonas verdes urbanas e periurbanas, das árbores e das especies vexetais nas rúas, prazas e demais bens que integran o dominio público municipal.
3. Manter actualizado o Inventario de zonas verdes, mobiliario urbano, áreas infantís e biosaudables.
4. Dirixir e xestionar as actividades e servizos do Viveiro Municipal.
5. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de conservación e mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias ao obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos Pregos de Condicións que rexen no contrato.
6. Coordinación e xestión do planeamento municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais: elaboración do Plan, ordenanzas e convenios de colaboración en materia de incendios forestais.
7. Ordenación e execución subsidiaria da xestión da biomasa nos termos dos artigos 7.d), 21 a 23 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ou normativa vixente que a substitúa.
8. Calquera outra atribución da Alcaldía en relación coa prevención e defensa contra os incendios forestais prevista na referida Lei.

Segundo.- Modificar a Resolución de Delegación de Competencias do 26 de xuño de 2019, no tocante á **Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal**, da que é **concelleira-delegada Dña. PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO**, en materia de Xestión Municipal, que quedará redactado do seguinte xeito:

b) En materia de Xestión Municipal:

1. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa, xestión económico-financeira e demais competencias delegables en relación coa área administrativa de Alcaldía e o seu persoal.
2. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa e demais competencias delegables en relación coa estrutura directiva municipal e os órganos que se integran nela, así, como de existir, en relación cos postos de colaboración aos mesmos, nos termos derivados da normativa aplicable (entre outros, provisión de postos, encomendas, peticións de informe, etc).

Terceiro.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, terá efectos dende o día seguinte ao da data desta



Concello de Vigo

Resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Cuarto.-Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Quinto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas; na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo (art. 6 LTBG).

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

4(804).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES SITOS EN COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS E OUTROS EDIFICIOS DEPENDENTES DO SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 22985/332.

Visto o informe de fiscalización de data 16/09/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en data 6/09/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 13 de agosto de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332) na seguinte orde decrecente:

	Licitador	Prezo
1	SCHINDLER, S.A.	33.105,60
2	THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.	33.861,80
3	ASCENSORES ENOR, S.L.	35.335,87
4	ORONA, S. COOP.	38.054,60
5	ZADOYA OTIS, S.A.	64.069,79

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SCHINDLER, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SCHINDLER, S.A., o día 13 de agosto de 2019, que presenta a documentación requirida 28 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 6 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SCHINDLER, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SCHINDLER, S.A., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula de data 31 de xullo de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SCHINDLER, S.A. o procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento integral dos ascensores dos colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (22.985-332) por un prezo total de 33.105,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.745,60 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(805).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA INVESTIMENTOS NA MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS E DO EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS (0-3) DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 23814/332.

Visto o informe de fiscalización de data 17/09/19, dáse conta do informe-proposta de data 13/09/19, asinado pola xefa do Servizo de Educación e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

No D.O.G de 23 de agosto de 2019 publícase a ORDE do 8 de agosto de 2019 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, dofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019.

S.ord. 19/09/19

O Concello de Vigo é titular de 8 escolas infantís de 0-3 anos:

- EIM Santa Cristina-Lavadores
- EIM Atalaia-Teis
- EIM Santa Marta-Casco Vello
- EIM Costeira-Saiáns
- EIM Tomás Alonso
- EIM Casiano Martínez-Bouzas
- EIM Mestres Goldar-Castrelos
- EIM Navia

Examinada a referida Orde de 8 de agosto de 2019, permite a este concello optar ás axudas reguladas na mesma para mellorar as infraestruturas e equipamentos das escolas infantís de titularidade do Concello de Vigo.

Seguindo instrucións do concelleiro de Educación, propónse presentar a esta convocatoria unha actuación urxente na rede de escolas infantís municipais, reflectida no proxecto "Instalación de proteccións solares en fachada da Escola infantil municipal de Navia", do cal se achega no expediente Memoria valorada, redactada pola Oficina de Obras e Proxectos municipais da Xerencia municipal de Urbanismo.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Política Social para a mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 anos dependentes do Concello de Vigo por importe de 17.096,74 €, para a realización das obras descritas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(806).- PROXECTO DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2019). EXPTE. 16712/77.

Visto o informe de fiscalización do 16/09/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data do 06/09/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

I. No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, os encamiñados á promoción da cultura, o apoio ás iniciativas de promoción turística e á promoción do emprego.

No devandito Protocolo de colaboración se convén que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

II. A "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME)", achega memoria, para a realización da primeira FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2019".

III. Nos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, consta creada a partida 2410 4700005 "FEIRA METAL_MINDTECH", da área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

IV. En data 03/09/2019, o Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, resolveu iniciar expediente para a elaboración e aprobación por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, dun convenio para o desenvolvemento da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2019.

V.- A tal efecto, consta no expediente "*MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2019*", asinada pola técnica de administración xeral, co conforme do Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación, para contribuir á financiación do desenvolvemento da FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL MINDTECH-2019, en execución das accións necesarias para o cumprimento dos obxectivos establecidos no Protocolo de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas en infraestruturas viarias e dotacionais, asinado o 20.11.2015, relacionados coa promoción do emprego e o apoio ás iniciativas de promoción turística.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo (LALG)
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (RLSG)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2019

II.- Obxecto do convenio:

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción da industria tecnolóxica do metal local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración os días 10,11 e 12 de setembro de 2019 da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2019), na procura do cumprimento dos obxectivos que reflicte a memoria xustificativa encamiñados a acadar os obxectivos estratéxicos considerados no Protocolo de colaboración asinado, relacionados coa promoción do emprego e o apoio ás iniciativas de promoción turística.

III. Interese público a satisfacer e expresión das competencias implicadas:

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Tanto na memoria xustificativa coma no texto do convenio explíctase o título da competencia municipal no artigo 25.2.h) e i) da LRBRL, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, que atribúe aos concellos competencias en materia de promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de feiras.

O convenio reflicte que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes de colaboración sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións. Á vista desta situación a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia,



Concello de Vigo

ASIME", propón a celebración deste evento, que se presenta coma unha gran oportunidade para potenciar o emprego nas empresas do sector e do turismo en Vigo e nas Rías Baixas.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

As actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose nesta concellaría dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración con entidades cuxa finalidade é a dinamización empresarial, para a consolidación empresarial e o fomento das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que con fundamento no artigo 3.3.b) da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

O concello de Vigo, como instrumentador de políticas de emprego, conta para esta iniciativa coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

Pola súa banda, a vixente lexislación en materia de réxime local, encomenda no artigo 31 LRBRL ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no artigo 36 LRBRL como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

III. Convenio:

O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) dispoñen que os convenios constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con persoas tanto de dereito público coma privado.

No que atinxe á Administración local, o artigo 57 LRBRL dispón que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común, se desenvolverá con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar en todo caso, mediante os consorcios e convenios administrativos que se asinen.

Deste xeito, o artigo 194 da LALG establece que as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas desenvolveráse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, dispoñendo o artigo 198 da LALG que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a

máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, coordinando así as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuír as subvencións outorgadas por unha delas con referencia ao ámbito territorial ou poboación doutra, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento de competencias concorrentes, ceder e aceptar a cesión de uso dos bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores. E o apartado 3 do citado artigo dispón que as deputacións provinciais poderán subscribir, con todos ou algún dos concellos da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e á maior eficacia na prestación destes.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio a través do cal se canalicen estas subvencións establecerá as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto na lei.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

- Contido e tramitación:

O artigo 49 da LRXSP e o artigo 199 da LALG establecen o contido e especificacións que deberán conter os convenios.

O convenio a asinar estrutúrase nunha parte expositiva e outra dispositiva de once cláusulas. A parte expositiva dá conta das razóns de conveniencia e oportunidade que xustifican a sinatura do documento, e recolle as competencias das entidades asinantes, os antecedentes e os obxectivos que se queren acadar coa súa sinatura.

De xeito sucinto, a parte dispositiva do convenio regula o obxecto do pacto e o seu financiamento (cláusulas segunda e terceira), que se concreta no establecemento das bases para a colaboración técnica e económica entre a Deputación provincial e o Concello para a organización do evento, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da contratación ata a cantidade máxima de 100.000 € incluído o IVE, achegando 45.000 € a Deputación de Pontevedra e 55.000 € o Concello de Vigo. Recolle tamén os compromisos das partes asinantes (cláusulas cuarta e quinta) entre os que se regula o réxime de xustificación da subvención outorgada pola Deputación, a obriga da publicidade do convenio (cláusula sexta) e a compatibilidade con outras axudas e subvencións que poidan recibirse (cláusula sétima). O convenio reflicte tamén, a constitución dunha comisión de seguimento, entrada en vigor e vixencia, causas de extinción e mención ao réxime xurídico (cláusulas oitava a undécima).

O prazo de vixencia axústase ao previsto no art. 49.h) da Lei 40/2015.

Dacordo co exposto, o Concello de Vigo é concedente dunha subvención e actúa, tamén, como entidade colaboradora da subvención da Deputación provincial de Pontevedra, xa



Concello de Vigo

que, nos termos do artigo 12.1 da LXS, é a entidade que entrega e distribúe os fondos públicos á beneficiaria. Unha vez asinado o convenio, o concello tramitará o correspondente expediente de concesión da subvención á beneficiaria (Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, ASIME, CIF G36614774, titular da organización da citada Feira), obrigándose a xustificar esta achega ante a Deputación de Pontevedra na forma prevista na cláusula cuarta do convenio.

-Procedemento e competencia:

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, por canto se refire ao establecemento da colaboración económica entre as entidades asinantes para a execución do proxecto.

Pola súa banda, a sinatura do documento corresponderá á Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do artigo 124.1 da LRBRL, que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en virtude das competencias delegadas a través das Resolucións de Delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Dacordo co art. 8.1. letra "b" da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e no que ás subvencións respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez formalizado o correspondente convenio coa entidade beneficiaria.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar o convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a promoción das industrias do sector do metal e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración *Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2019)*", transcrito no Anexo do presente expediente.

Segundo.- Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para a promoción das industrias do sector do metal e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración *Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2019)*".

Terceiro.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Cuarto.- Remitir o convenio unha vez asinado á Secretaría do Goberno Local, aos efectos de publicidade.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FEIRA INTERNACIONAL DAS TECNOLOXÍAS DO METAL (MINDTECH-2019)

En _____, __ de _____ de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.



Concello de Vigo

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

EXPOÑEN

I.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; entre os que se inclúen nos que ao presente convenio importan os encamiñados á promoción do emprego e apoio ás iniciativas de promoción turística.

II.- Que no devandito Protocolo de colaboración establécese que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

III.- Que no apartado IV.4 do citado protocolo expónse que en materia de Promoción do emprego o Concello de Vigo, entre outros procedementos, potenciará a inserción laboral e a creación de emprego;

Así mesmo, no apartado IV.5 do citado Protocolo expónse que en materia de Turismo o Concello de Vigo desenvolverá actuacións para potenciar a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e o seu entorno, con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos.

Neste sentido a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 25.2.h) e i) e a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, artigos 3 e 5, regulan as competencias propias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e de feiras, no que interesa ao presente convenio para fomento do emprego por mor do desenvolvemento da primeira Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2019 e cunha indubidable repercusión na promoción turística da cidade e das Rías Baixas.

IV.- Que a cidade de Vigo e o seu entorno, constituíse como unha das principais áreas de desenvolvemento das industrias do metal. Este sector destaca polo seu potencial para o desenvolvemento da nova industria 4.0 para o sector metalúrxico e industrial de Vigo e toda a provincia de Pontevedra.

Segundo o Informe do Sector Metalmeccánico realizado polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) en 2017, entre as oportunidades para o sector en Galicia destacan: a posibilidade de alianzas estratéxicas, o crecemento das innovacións en tecnoloxías e a súa

aplicación nos equipos produtivos e as plataformas de internacionalización cara a mercados exteriores.

O sector industrial e concretamente o sector metalúrxico, metalmecánico e a súas tecnoloxías asociadas representan máis do 21% del PIB de Galicia, englobando diversas actividades.

Á vista destes indicadores a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME", organiza a primeira Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2019, coma feira industrial referente no Polo Ibérico que se celebra en Vigo do 10 ao 12 setembro.

V.- Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións. Á vista desta situación a "Asociación de Industriales Metalúrgicos de Galicia, ASIME", propón a celebración deste evento, que se presenta coma unha gran oportunidade para potenciar o emprego nas empresas do sector e cara a promoción do turismo en Vigo e nas Rías Baixas.

A oportunidade da organización desta primeira "FERIA DO METAL" en Vigo, na cal participarán profesionais do sector metalúrxico e industrial; Maquinaria, Mecanizado, Ferramentas e Utillaxes; Tecnoloxías 4.0, Enxeñaría e Servizos para a Industria; Moldes, Matrices e Troqueles; Robótica e Automatización; Fabricación Aditiva, 3D; Subministracións Industriais; Electricidade e Electrónica; Soldadura, Procesos e Procedementos; Construcións e Estructuras Metálicas; Pintura, Tratamento de Superficies e Recubrimientos; Calderería e Tubaxe Industrial; Loxística e Transporte; Frío Industrial, etc., ten unha gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que converte esta Feira nun gran escaparate para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra.

En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio co evento semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas do sector do Metal e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Pontevedra como destino turístico.

VI.- Que, dacordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do Protocolo de colaboración citado anteriormente, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos a promoción do emprego e o apoio ás iniciativas de cualificación da promoción turística, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes



Concello de Vigo

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción da industria tecnolóxica do metal local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración os días 10,11 e 12 de setembro de 2019 da Feira Internacional das tecnoloxías do Metal (Mindtech-2019), na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico do Metal.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector do Metal e o potencial como eixo comercial internacional.
- Posicionamento estratéxico como polo económicos e industrias para competir nun mercado global.
- Consolidación do emprego mediante a promoción do sector empresarial e tecnolóxico do metal.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico.

SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da organización do evento ata a cantidade máxima de CEN MIL euros (100.000,00 €), para o total das actuacións ás que se refire o presente convenio incluído o IVE, sendo gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade conveniada dacordo co proxecto subvencionado achegado pola entidade. No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase proporcionalmente ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte. O financiamento realizarase contra as aplicacións correspondentes dos vixentes orzamentos das administracións asinantes.

1.- A Deputación Provincial comprométese a achegar, a cantidade máxima de CORENTA E CINCO MIL EUROS (45.000,00€).

O pago realizarase contra a aplicación 2019/942.9420.462.14 do orzamento provincial- A Concellos-Actividades (Vigo-Pontevedra).

2.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía de CINCUENTA E CINCO MIL EUROS (55.000,00 €).

O pago realizarase contra a aplicación 2410 4700005 "FEIRA METAL_MINDTECH" do orzamento do Concello de Vigo.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento polas administracións intervintes terá lugar co seguinte desglose:

ANUALIDADE	Entidade	TOTAL
2019	DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	45.000,00 €
2019	CONCELLO DE VIGO	55.000,00 €
TOTAL		100.000,00 €

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio coa "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2019". Dita sociedade é a entidade organizadora de dita Feira, polo que é titular do dereito exclusivo vinculados a organización do evento.

3º.- O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación Provincial e comunicarse a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Administración municipal remitirá á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo do que corresponda en exclusiva á Comisión de Seguemento do convenio, que se reunirá cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2019", tendo en conta a condición de entidade organizadora da dita Feira.



Concello de Vigo

- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial xunto co convenio.
- Esixir que se obteñan os correspondentes permisos e que se tramiten ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación, as actuacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:
 - Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2019".
 - memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
 - facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;
 - conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
 - memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
 - certificación de pagamento a favor da "Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia" (ASIME), CIF G36614774, para a celebración da "Feira Internacional das Tecnoloxías do Metal Mindtech-2019", asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
 - calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a cofinanciar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CORENTA E CINCO MIL euros, (45.000,00€) o que supón o 45,00 % do custe da actuación subvencionada, de conformidade co disposto no pacto

segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das prestacións obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes.

Non obstante, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

SEXTO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro Feira Internacional das tecnoloxías do Metal Mindtech-2019, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera



Concello de Vigo

Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO.- VIXENCIA

O convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do proxecto subvencionado ao que o mesmo se refire, que terá lugar os días 10, 11 e 12 de setembro de 2019, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2019.

DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, ante a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

7(807).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO, A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL PAU DE NAVIA PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO “VICUS SPACORUM 2019”. EXPTE. 8131/335.

Visto o informe xurídico do 05/09/19 e o informe de fiscalización do 12/09/19, dáse conta do informe-proposta de data 04/09/19, asinado pola técnica de Actividades Turísticas, a concelleira de Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo resolveu o día 27 de agosto de 2019 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa



Concello de Vigo

“Asociación de Comerciantes del PAU de Navia” (CIF G-27.767.656), para o desenvolvemento do evento “VICUS SPACORUM 2019”.

A “Asociación de Comerciantes del Pau de Navia” é unha asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e capacidade de obrar creada en xaneiro de 2012, que se rexe pola Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación e os seus propios Estatutos e demais normas aplicables.

A Asociación está inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, co número 2012/016533 e no Rexistro municipal de Asociacións con núm. 1159-12.

O seu obxecto social consiste en “coordinar, representar, xestionar, fomentar e defender os intereses comúns dos empresarios e profesionais que nela se integran”, así como “potenciar o espírito cooperativo” e establecer “relacións de colaboración con Entidades Oficiais e Privadas, nacionais ou estranxeiras, inspiradas en finalidades similares á Asociación”.

O “VICUS SPACORUM” é un evento de ambientación histórica que se celebra no barrio vigués do PAU de Navia, e co que se pretende divulgar parte da historia da nosa cidade co desenvolvemento de múltiples actividades dirixidas a nenos e adultos (deportivas, culturais, patrimoniais, históricas...)

Igualmente, con este evento promociónase este novo barrio da cidade, descoñecido por moitos habitantes doutras parroquias, que o visitan para participar nesta celebración que cada ano conta cunha maior participación dos cidadáns.

O Concello de Vigo, coñecedor desas actividades e accións e no exercizo das súas competencias propias que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atribúe ás Administracións municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e a promoción da cultura, no seu artigo 25.2, letras h) e m), desexa promover e colaborar economicamente na execución do evento “VICUS SPACORUM 2019” produto do turismo cultural co que se pretende divulgar parte da historia da nosa cidade co desenvolvemento de múltiples actividades dirixidas a nenos e adultos (deportivas, culturais, patrimoniais, históricas...), así como facilitar o coñecemento do novo barrio do PAU de Navia ao resto dos veciños de Vigo.

A Asociación de Comerciantes do PAU de Navia está en condicións de organizar a VIII edición do “VICUS SPACORUM”, conforme ao programa e ao orzamento, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición do evento desenvolverase os días 14 e 15 de setembro do 2019, con exposicións variadas, loitas, talleres, desfiles, música, espectáculos nocturnos para todos os públicos, gastronomía, cetrería, xogos romanos e celtas, encadrándose así mesmo dentro do programa “Vigo en Festas 2019”.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo, constituíndo o convenio conforme os artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que se outorguen directamente.

Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo,. Asemade o convenio acomódase as previsións do artigo 49 da Lei 40/2015 que establece o contido mínimo dos convenios

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da “Asociación de Comerciantes do Pau de Navia”. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.480.0000, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, por importe de **14.000,00 (catorce mil) euros**, a favor de “A. COMERCIANTES NAVIA-FESTA VICUS SPACORUM” para coadxuvar aos gastos do desenvolvemento do programa “VICUS SPACORUM 2019”.

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 14.000,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o orzamento presentado (que figura como anexo do convenio), ascenden a 24.000,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local no evento.

O réxime xurídico aplicable ven determinado pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; Lei 40/2015 de 1 de outubro, polos pactos que se conteñen no texto da resolución; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Así mesmo, queda facultado o concelleiro-delegado da Área de Festas e Turismo, para asinar o dito convenio, ao abeiro da resolución de delegación do 18.06.2019.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

1º.- Aprobar o convenio entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Comerciantes del PAU de Navia”, CIF G-27.767.656, para o desenvolvemento do evento “VICUS SPACORUM 2019”.

2º.- Autorizar un gasto polo importe de 14.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da “Asociación de Comerciantes del PAU de Navia”, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.480.0000 (A. Comerciantes Navia-Festa VICUS SPACORUM) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(808).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE VEGO SUPERMERCADOS S.A.U. PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN AMBIENTAL. EXPTE. 14331/306.

Visto o informe xurídico do 11/09/19, dáse conta do informe-proposta do 11/09/19, asinado polo xefe do servizo de Medio Ambiente e a concelleira-delegada da Área, que di o seguinte:

Antecedentes

1.- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 31 de xullo de 2019, acordou inicialo procedemento administrativo para a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade Vego Supermercados, S.A.U. tendente ao desenvolvemento de actividades dentro do programa municipal “Camiño a Camiño” e outras colaboracións en materia de sensibilización ambiental.

2.- O xefe do Servizo de Medio Ambiente redacta memoria xustificativa sobre o convenio de colaboración e redacta unha proposta de convenio.

3.- A entidade Vego Supermercados, S.A.U. achega escrito (doc. 190139113, de data 10/09/2019) aceptando a proposta de convenio, achega certificacións de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Consta, tamén, copia da escritura publica de apoderamento do representante legal da entidade.

Fundamentos de dereito

O Concello de Vigo, ao abeiro do establecido no artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, e nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., ten abribuído competencias no “medio ambiente urbano” e, tamén, na “ocupación do tempo de lecer”, fomento de hábitos de vida saudables.

A Área Medio Ambiente e Vida Saudable, en virtude das resolucións da alcaldía do 18 e 26 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019), exerce competencias en materia medioambiental, entre as que figuran, desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e

concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, fomentar hábitos de vida saudables.

Neste sentido o obxecto do convenio e a colaboración entre a Administración municipal e a entidade Vego Supermercados, S.A.U., en actividades cuxo obxectivo é a protección do medio ambiente, especialmente, urbano e ocupación do tempo de lecer nestas actividades medioambientais.

En concreto, a referida entidade colabora co Concello de Vigo:

- No programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custe das oito rutas por Vigo e Bisbarra, que se realizaran os días 6, 13, 20 e 27 de outubro 3, 10, 17, 24 de novembro de 2019, das previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 09/08/2019, segundo expte. 14330/306, ata un importe máximo de quince mil (15.000,00) euros máis IVE, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado.

- Na difusión, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo de material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño.

- Na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

Pola súa banda, o Concello obrigárase a incluír o logotipo e nome da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa “Camiño a Camiño” que desenvolva, tamén, en folletos ou calquera outra información de difusión pública do programa.

O obxecto deste convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), ao abeiro do establecido nos artigos 4 e 6.2. e habida conta que o Concello de Vigo non efectúa ningunha disposición dineraria en favor da referida entidade mercantil conveniente, tampouco cabe suxeitar este á lexislación de subvencións (artigo 2.1. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións “a sensu contrario”).

O convenio de que se trata é un convenio de colaboración dos que, con carácter xeral, ao abeiro dos artigos 47.2.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 5 e 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), en relación cos artigos 111 do Rdl 781/1986, de 2 de abril, 6.2. e 34 da LCSP, poden realizar as Administracións Públicas con persoas xurídico privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados, no presente caso a protección do medio ambiente.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persigue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido.



Concello de Vigo

Pola súa banda, consta no expediente a documentación legalmente esixida e o esquema do convenio axústase ao establecido na base 40ª.4. das de execución do vixente orzamento municipal e artigos 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O convenio non implica gastos para o Concello.

É competente para a aprobación do convenio a Xunta de Goberno Local habida conta das competencias que ten atribuídas ao abeiro do establecido no artigo 127.1. da LRBRL en relación co artigos 4 e 6.2. e Disposición adicional segunda da LCSP.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar a proposta de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. para o desenvolvemento de actividades de sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, especialmente urbano, ocupación do tempo de lecer e fomento de hábitos de vida saudables en actividade medioambientais conforme aos informes e documentación obrante no expediente número 14331/306 e co texto que de seguido se indica.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE
“VEGO SUPERMERCADOS, S.A.U.”
(GRUPO VEGALSA-EROSKI)”

En Vigo, _____ de _____ de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

E doutra, D. Joaquín González Iglesias, director xeral da entidade mercantil Vego Supermercados, S.A.U. (pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI), con CIF A-36651313, e domicilio Social en rúa Gambrinus nº11, 15008-La Coruña, na representación desta, segundo resulta da Escritura de Poder realizada ante o Notario de Vigo Don Gerardo García Boente Sánchez, en fecha 29/12/1998, co número 3666 do seu Protocolo.

Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

1. O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de

decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A Área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído, en virtude da resolución da alcaldía do 26/06/2019, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente e, tamén, o fomento de hábitos de vida favorables.

Neste sentido, o Concello de Vigo: a través da Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos dentro do programa “camiño a camiño” e outros.

Estas actividades medioambientais tentan achegar a cidadanía á natureza, aos recursos naturais, á flora e fauna existentes na nosa contorna, fomentando hábitos de vida saudables, sustentables, ocupación do tempo de lecer, mediante camiñatas, accións formativas dando a coñecer a natureza de Vigo, a comarca e Galicia enteira, na que participan anualmente un elevado número de veciños e que, en definitiva, pretende fomentar a sensibilización e concienciación social en relación coa protección do medio ambiente urbano.

A promoción de boas prácticas cidadás relativas á xestión sustentable dos residuos, a reciclaxe, a eficiencia enerxética e outros que contribúen á utilización responsable dos recursos dispoñibles.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, autorizou en sesión do 09/08/2019 o proxecto de actividades de sensibilización medioambiental a desenvolver de outubro a novembro de 2019, segundo expte. 14330/306.

2. Que Vego Supermercados, S.A.U. é unha compañía galega de distribución alimentaria pertencente ó grupo empresarial VEGALSA-EROSKI, con presenza en todo o territorio galego, mediante 240 supermercados, 9 plataformas de distribución e redistribución de mercadorías; frota de camións e unha Escola da Distribución Alimentaria; ten máis do 20% da cota do sector en Galicia, emprega a 4.500 traballadores, sendo a sexta empresa do país pola súa facturación; ten entre os seus valores o respecto ao medio ambiente e o desenvolvemento de políticas de sustentabilidade.

3. Que a compañía, fundada en Vigo por Ventura González Prieto, mantén na rúa Ventura González Prieto (antes rúa Troncal) unha Plataforma de distribución, con Vego Supermercados, S.A.U e outras empresas do grupo. Dispón de 500 traballadores en persoal en Vigo, con vinte tendas, oficinas centrais e unha plataforma loxística.

4. Que entre as súas actuacións desenvolve o proxecto “Desenvolvemento Sustentable. Residuo Cero” que valorou o conxunto de actividades e melloras ambientais posto en marcha pola compañía e do cal se expón o “proxecto Tenda Sustentable”. Desenvolve ademais unha campaña anual de sensibilización ambiental dirixida aos seus clientes e á sociedade galega, centrada nos máis pequenos coa lema “Dálle cor á natureza”.



Concello de Vigo

Igualmente realiza unha actuación anual de “Plantación de Árbores” na que implica aos seus traballadores, como compensación do CO2 emitido pola súa frota de camións e o conxunto da súa actividade.

O proxecto “Tenda Sustentable” recolle as propostas e investimentos do Grupo VEGALSA-EROSKI no medio ambiente e sustentabilidade, así como un conxunto de accións concretas de eficiencia enerxética e de plans de xestión de residuos, reciclado, aforro de auga, control de emisións, procesos lóxicos e medio ambiente, etc., a implantar tanto nas tendas das distintas insignias como nos sistemas centrais de xestión da compañía, nas plataformas de distribución e na frota de vehículos.

5. Ámbalas dúas partes pretenden desenvolver accións conxuntas de sensibilización e educación medioambiental cara a protección do medio ambiente.

Ambas as partes consideran a conveniencia de establecer este convenio de colaboración e

ESTIPULAN

PRIMEIRO.- *Que a entidade Vego Supermercados, S.A.U. comprométese a colaborar, no que lle fose posible, co Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente de Vigo e Vida Saudable, no marco dos seus programas de sensibilización e educación ambiental e, en particular, a:*

- Colaborar no programa municipal Camiño a Camiño asumindo a contratación e custes de oito rutas por Vigo e Bisbarra, que se realizaran os días 6, 13, 20, 27 de outubro, 3, 10, 17 e 24 de novembro de 2019; das previstas no proxecto de actividades de sensibilización medioambiental aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 09/08/2019, segundo expte. 14330/306, ata un importe máximo de quince mil (15.000,00) euros máis IVE, en colaboración co Concello de Vigo. Vego Supermercados, S.A.U. contratará e pagará directamente os servizos de organización e monitorizaxe das referidas actividades ata o importe citado, sempre e cando a entidade que realice as citadas actividades se obrigue a realizalas e as realice nos mesmos termos contemplados no proxecto aprobado, emita a correspondente factura en forma, e se encontre habilitada e ó corrente das súas obrigas legais de todo tipo, que eximan ou releven a Vego Supermercados, S.A.U. de calquera responsabilidade derivada daquelas (obrigas tributarias, de persoal, de riscos laborais, seguro de responsabilidade civil, etc..). Noutro caso, ditas actividades substituiráanse por outras das contempladas no proxecto que si reúnan ditas características.

- Difundir, a iniciativa do Concello de Vigo, nas tendas de Vego Supermercados, S.A.U en Vigo material promocional e de apoio do programa Camiño a Camiño, o cal lle será proporcionado de forma totalmente gratuíta polo Concello de Vigo ós devanditos efectos.

- Colaborar cos medios que lle fose posible na xestión de residuos e reciclado dos consumidores.

- Calquera outra actuación que ámbalas dúas partes acorden en referencia ao medio ambiente e desenvolvemento sustentable.

SEGUNDO.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Incluír o logotipo e nome (razón social ou denominacións comerciais, segundo proceda) da entidade mercantil nas accións divulgativas das actividades do programa camiño a camiño que desenvolva, incluíndo expresamente a súa referencia en folletos e calquera outra información de difusión pública do programa.

Non se consideran accións divulgativas a información do programa na páxina web do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo emitirá o xustificante fiscal que resulte oportuno polo importe obxecto da achega económica pactada na anterior estipulación.

O Concello de Vigo será responsable integramente dos contidos dos devanditos programas e accións divulgativas, toda vez que é o creador destes.

TERCEIRO.- *Tódalas accións de difusión do programa “camiño a camiño” e demais campañas de sensibilización ambiental derivadas deste convenio, deberán partir do Concello de Vigo e de conformidade coas súas instrucións, quedando expresamente prohibido á entidade mercantil conveniente realizar as devanditas actividades divulgativas sen expresa autorización do Concello de Vigo.*

CUARTO.- *O presente convenio terá vixencia de un ano a partir da data da súa sinatura e non poderá prorrogarse.*

En todo caso, se á citada data, se encontrase en proceso algunha das accións ou campañas de colaboración derivadas do presente convenio, manteranse os dereitos e obrigas de ambas partes derivados do Convenio ata a finalización desta, conforme ó prazo ou datas de duración establecidas polo Concello de Vigo.

QUINTO. - *Para o seguimento e control do cumprimento do convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha Comisión de Coordinación da que formen parte dous representante da mercantil Vego Supermercados, S.A.U., a concelleira da Área Medio Ambiente que actuará como presidenta e un técnico municipal deste servizo.*

Esta comisión reunirse no prazo de cinco días a contar da petición expresa realizada por calquera das partes, no Concello de Vigo.

SEXTO.- *A mercantil Vego Supermercados, S.A.U. está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, de 27 de abril de 2016, e na Lei orgánica 3/2018, de 5 do decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais,*



Concello de Vigo

sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable.

A referida entidade poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo: Concellería de Medio Ambiente.

O Concello de Vigo recoñece expresamente que a mesma información lle foi facilitada por Vego Supermercados, S.A.U. en relación ós datos de carácter persoal contidos no presente documento, que serán asimesmo incorporados ós ficheiros correspondentes daquela e tratados ós fins derivados do Convenio, podendo exercitar o Concello de Vigo os dereitos de acceso, rectificación oposición e cancelación ante a entidade Vego Supermercados, S.A.U. no seu domicilio social.

SÉTIMO.- *O presente convenio ten natureza administrativa, non se considera un contrato administrativo ó abeiro do establecido nos artigos 4 e 6.2. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; rexerase pola súa normativa específica, aplicándose os principios da lei de contratos para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, polos pactos que se conteñen neste convenio, as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais, os artigos 47 a 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado. No suposto de diverxencias na interpretación e execución deste, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativa a competente para a súa resolución.*

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan este convenio por duplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data indicada no seu encabezamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(809).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA Á CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA INSTALACIÓN DE QUIOSCO NA RÚA REDONDELA. EXPTE. 20338/240.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/09/19, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleira de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).
- Ordenanza Municipal, de 29 de maio de 2006, Reguladora da Ocupación do Dominio Público coa Instalación de Quioscos (OM).

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- D. Gabriel Mora Herreros, mediante escrito de entrada no Rexistro Xeral de data 30 de xullo de 2019, comunicou a súa renuncia ao quiosco sito na rúa Redondela desta cidade de Vigo.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local por acordo do 15.12.2008 otorgou ó solicitante a concesión administrativa para a ocupación do dominio público coa instalación dun quiosco na rúa Redondela consonte ó reximen xurídico previsto na correspondente Ordenanza Municipal de data 29.05.2006 (disposición transitoria segunda). Concesión que formalizouse en documento administrativo asinado ó 27 de febreiro do 2009.

TERCEIRO.-REXIMEN XURÍDICO. A autorización administrativa otorgada ríxese, en primeiro termo, pola Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, e no non previsto nela, polas seguintes disposicións: Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local; Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; RD Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; RD 1372/1986, de 13 de xuño, Reglamenteo de Bens das Entidades Locais e polas ordenanzas, instrucións ou disposicións xerais deste Concello reguladoras dos elementos de mobiliario urbano e utilización do dominio público local.

CUARTO.- CAUSAS DE EXTINCIÓN. Establecese na Ordenanza Municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, as causas de extinción da autorización administrativa, reflexando, no seu art. 28, os seguintes supostos:

- a) Cumprimento do prazo polo que foi outorgado.
- b) O desistimento do concesionario, previa notificación ó Concello.
- c) O falecemento ou incapacidade do concesionario sen que acaeza a transmisión da concesión.
- d) Atoparse incurso o concesionario en algunha das prohibicións legais para contratar coas Administracións Públicas.
- e) A resolución da concesión acordada polo Concello.

No presente caso, plantexase polo interesado a renuncia á concesión administrativa que lle foi outorgada para a instalación do quiosco, respondendo a un acto voluntario de renuncia ós dereitos concesionais dos que é titular, sen que se estime que a mesma é contraria ao interés xeral ou faixe en perxuício de terceiros, requisitos que condicionarían a validez da renuncia de dereitos consonte ao previsto no art. 6.2 do CC, non apreciándose conseguintemente obxeción algunha a súa aceptación pola administración municipal,



Concello de Vigo

estando previsto o desestimento do concesionario, previa notificación ó Concello como causa de extinción da concesión na OM.

QUINTO.- EFECTOS DA EXTINCIÓN. O acordo de extinción da concesión dará lugar á reversión do quiosco e súas instalacións fixas a favor do Concello, sen que por ello resulte contraprestación de ningunha clase a prol do titular da concesión ou os seus sucesores, tendo estes, por outra banda, a obriga da reposición do dominio público afecto á concesión ao seu estado orixinal, tal e como dispoñen a OM (art. 21 12º-13º e art 29).

No que atinxe á fianza definitiva constituída polo interesado na Tesorería municipal, procederá a súa devolución, previa solicitude deste e unha vez comprobado o cumprimento das obrigas concesionais a que está vencellada.

SEXTO.- Resulta competente para a resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local, consonte ó previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 11º da Lei de Contratos do Sector Público.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia de D. Gabriel Mora Herreros á concesión administrativa outorgada pola Xunta de Goberno Local o 15.12.2008 para a ocupación do dominio público municipal coa instalación dun quiosco destinado a venda de prensa periódica na rúa Redondela, da cidade de Vigo, declarando resolta dita autorización.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Vías e Obras da Área de Fomento, para que proceda á retirada do quiosco da vía pública, e comunicación posterior ó interesado (D. Gabriel Mora Herreros) para as obras de reposición da vía pública ao seu estado orixinal.

TERCEIRO.- Así mesmo, dar traslado do presente acordo ó departamento de Administración de Tributos, e Seguridade e Tráfico, para o seu coñecemento.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(810).- BASES E CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO PARA A XERACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO DE ADMINISTRATIVOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE. 34382/220.

Visto o informe de fiscalización do 10/09/19, dáse conta do informe-proposta do 09/09/19, asinado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 09/07/2019, a Concellería-delegada da Área de Organización Municipal procedeu á incoación de expediente administrativo nos termos seguintes:

“Considerando as necesidades de persoal administrativo, encargado da tramitación e impulso administrativos consonte ao previsto no RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, manifestadas por diversos servizos municipais (Servizo de Festas, Servizo de Turismo, Oficina de asistencia ao rexistro e información; Área de Recursos Humanos e Formación, entre outros);

*En cumprimento do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; nos termos do contemplado no artigo 165 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, do ROFRJEL; e ao abeiro das competencias que en materia de planificación e xestión de recursos humanos ostento por delegación da Excm. Alcaldía, pola presente dispoño **incoar expediente administrativo para a xeneración de unha bolsa de emprego na categoría de Administrativos/as de Administración Xeral, subgrupo C1 de titulación, Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa**, nos termos do contemplado no marco legal vixente, dispoñendo que a referida convocatoria publicárase a través de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na web municipal www.vigo.org e no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para público e xeral coñecemento.”*

II.- En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal,



que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c) e, a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e dacordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e actualizacións subseguintes.

II.- Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se as houberse, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

É mester como **requisitos específicos** para o desempeño do posto de traballo de:

-Administrativo/a de Administración Xeral, subgrupo C1: Estar en posesión do título oficial de Bacharel, Formación Profesional de segundo grado ou equivalente de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Como **requisitos xerais** para o acceso contémpanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

III.- En canto aos **órganos de selección de persoal** das Administracións Públicas (tribunais cualificadores, comisións de selección, etc.), faise constar que estes deberán axustarse á **configuración legal** esixida no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP e ao Art. 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do texto refundido da lei do EBEP establece que:

"1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.



Concello de Vigo

2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”

Pola súa banda, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispónque:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.

2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:

- a) El personal de elección o de designación política.*
- b) El personal funcionario interino o laboral temporal.*
- c) El personal eventual.*
- d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.

4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.

5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.

6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.

7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”

Asimesmo, o artigo 10.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Emprego Público, establece que a selección de funcionarios/as interinos/as farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

IV.- Visto o recollido no artigo 37.2.e) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, e vistas as atribucións que en canto á aprobación das bases reitoras dos procedementos de selección de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo establece o artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime Local; coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Economía, Empresa, Seguridade e Organización Municipal, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa da Intervención Xeral, sométese ao criterio de aquela a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego de Administrativos/as de Administración Xeral, subgrupo C1 de titulación, escala de Administración Xeral, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; bases contidas no ANEXO I do presente acordo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal www.vigo.org e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, para público e xeral coñecemento.

Segundo.- Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación de Bolsa de Emprego de Administrativos/as de Administración Xeral, subgrupo C1, a executar segundo o indicado no apartado primeiro do presente acordo.

Terceiro.- Habilitar expresamente á Concellería-delegada da Área de Economía, Empresa, Seguridade e Organización Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegacións competenciais efectuadas en Decreto da Excm. Alcaldía e Acordos XGL de datas 18/06/2019, 20/06/2019 e 04/07/2019.

Carto.- Notificar o presente acordo ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao persoal da oficina administrativa asignado á actividade de emprego público, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación:

-Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso- administrativo.



Concello de Vigo

-Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

En ambos casos, o recurso contencioso-administrativo se interporá ante o Xulgado Contencioso-Administrativo en cuxa circunscrición teña seu domicilio o demandante o se atope a sede do órgano autor do acto impugnado, a elección daquel. (8.1 e 14.1.2º da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REITORAS DOS PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITAN OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, COMO ADMINISTRATIVOS/AS DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO C1)

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha Bolsa de Emprego de Administrativos/as de Administración Xeral, subgrupo C1, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

II.- CONDICIÓNES DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e manter ata o momento do correspondente nomeamento os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado

ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter o título académico oficial de Bacharel, Formación Profesional de segundo grado ou equivalente de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, polo que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza de Auxiliar de Administración Xeral.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na web municipal www.vigo.org dentro da sección "Ofertas de



Concello de Vigo

Emprego” e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñeráse de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III.-SISTEMA DE SELECCION

O sistema de selección para esta bolsa de traballo será o de oposición libre, consistindo en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, podendo consistir en test, probas, desenvolvemento por escrito, traballos manuais, etc, segundo a natureza e función dos postos de traballo que vaian desenvolver de acordo coas bases específicas.

IV.-FASE DE OPOSICIÓN

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO:

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionados coas materias que integran o programa das bases específicas, que será determinado polo dito órgano inmediatamente antes o inicio de exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; é necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

O órgano de selección, trala análise número e nivel de coñecementos dos aspirantes presentados, poderá establecer unha puntuación mínima ou nota de corte para superar este exercicio, puntuación que en ningún caso poderá ser inferior a cinco puntos. O acordo que se adopte ao respecto deberá ser publicado e constará na correspondente acta, debendo ser igualmente os aspirantes informados de tal extremo.

Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Desenvolverase por escrito, durante o período máximo de dúas horas e consistirá na resolución de dous supostos teórico-prácticos de carácter procedimental e administrativo que determinará o órgano de selección inmediatamente antes do comezo do exercicio, relativo ás tarefas administrativas propias da subescala. Durante o desenvolvemento desta proba as/os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos.

Non se permitirá o manexo de textos comentados, libros de formularios nin de dispositivos dixitais. Neste exercicio avaliarase a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas presentados. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente perante o órgano de selección, en sesión pública e puntuarase de cero (0) a vinte (20) puntos; é necesario para superalo obter unha puntuación mínima de dez (10) puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate), sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba, introduciranse nun sobre que se pechará e selará; sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes, así como, sempre que fose posible, un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión en que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios, e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante de maior idade e, se continuase o empate, se dirimirá mediante sorteo.

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

V.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

A **solicitud** dirixirse á Excm. Alcaldía-Presidente do Concello de Vigo e presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **10 días hábiles** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á



Concello de Vigo

instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior ("Condições dos aspirantes e acreditación documental").

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986.22.52.26 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal www.vigo.org.

*Contra a **exclusión** na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de **tres días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.*

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

VII.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ningún. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional do Concello de Vigo, subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo ou do seu organismo autónomo, encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional do Concello de Vigo, pertencente á subescala de Secretaría, subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios/as serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos do previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na web do Concello.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:

-Tres funcionarios/as de carreira do Concello de Vigo, ou do seu organismo autónomo ou de outras Administracións Públicas, encadrados/as no subgrupo C1 de titulación ou superior, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar no proceso selectivo convocado, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos pola Área de RRHH e Formación, coa conformidade da Concellería-delegada competente en materia de persoal, previa verificación técnica do cumprimento dos requisitos legais de titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade e paridade contemplados na normativa vixente. A súa designación corresponde á Xunta de Goberno Local consonte ao previsto na normativa vixente en materia de réxime local, podendo delegar de forma expresa esta facultade na Concellería-delegada competente en materia de persoal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos



Concello de Vigo

inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun funcionario/a de carreira adscrito/a Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, que desenvolverá tarefas administrativas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo, non podendo estar presente nas deliberacións do órgano de selección. No caso de requirir a presenza indicada, deberá deixarse constancia expresa na acta das causas motivadoras da necesidade de recurso ao dito efectivo, que en todo caso será designado pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, coa conformidade da Concellería-delegada da Área competente en materia de persoal.

Os membros do órgano de selección, os asesores/as que se podan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

*Os/as aspirantes que superen todas as probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.*

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renunciem expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016 -acordo de Modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva (expediente administrativo nº 28.442/220)- cuxo apartado IV establece que:

"IV.-RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades

contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- supostos de incapacidade temporal (IT);*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;*
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.*

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.”

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

IX.- INCIDENCIAS

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; a efectos do cal poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e o desenvolvemento conforme a Dereito do proceso selectivo.

X.- RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o



Concello de Vigo

Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

TEMARIO

- Tema 1. A Constitución española de 1978. A definición do Estado español como social e democrático de dereito. Os valores superiores do ordenamento xurídico.*
- Tema 2. Dereitos fundamentais e liberdades públicas. Garantías legais, xurisdicionais e institucionais.*
- Tema 3. A Coroa. O poder lexislativo. O poder xudicial.*
- Tema 4. O poder executivo e a súa regulación constitucional. O control do poder executivo polas Cortes Xerais.*
- Tema 5. O poder xudicial na Constitución. O seu órgano de goberno.*
- Tema 6. A distribución territorial do poder na constitución. O significado de dereito de autonomía dos entes territoriais.*
- Tema 7. O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e contido.*

- Tema 8. A Unión Europea. As liberdades básicas do sistema comunitario: libre circulación de mercadorías, de persoas, de servizos e de capitais.*
- Tema 9. A Unión Europea. Institucións da Unión Europea: composición, funcionamento e competencias.*
- Tema 10. A Administración pública no ordenamento español. A personalidade xurídica da Administración pública. Clases de Administracións públicas.*
- Tema 11. A Xunta de Galicia e o seu presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.*
- Tema 12. A Administración pública da comunidade autónoma. Estrutura e funcións. A Administración periférica.*
- Tema 13. Principios de actuación da Administración pública. Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.*
- Tema 14. Sometemento da Administración á lei e ao dereito. Fontes do dereito público. A lei: as súas clases.*
- Tema 15. O acto administrativo. Concepto. Elementos.*
- Tema 16. A Administración electrónica: regulación e principios. A sede electrónica. Rexistros e comunicacións electrónicas.*
- Tema 17. Fases do procedemento administrativo xeral. O silencio administrativo.*
- Tema 18. A teoría da invalidez do acto administrativo. Actos nulos e anulables. Validación. Revisión de oficio.*
- Tema 19. Os recursos administrativos: concepto e clases.*
- Tema 20. Concepto e clases de contratos administrativos. A selección do contratista. Dereitos e deberes do contratista e a Administración.*
- Tema 21. As formas da actividade administrativa. O fomento. A policía*
- Tema 22. O servizo público. Nocións xerais. Os modos de xestión dos servizos públicos.*
- Tema 23. O réxime local español: principios constitucionais.*
- Tema 24. A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.*
- Tema 25. Estructuras supramunicipais. Mancomunidades. Agrupacións. A comarca.*

- Tema 26. O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.*
- Tema 27. Organización municipal.*
- Tema 28. Competencias municipais.*
- Tema 29. Ordenanzas e regulamentos das entidades locais. Clases. Procedemento de elaboración e aprobación.*
- Tema 30. A función pública local e a súa organización.*
- Tema 31. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Incompatibilidades.*
- Tema 32. Faltas e sancións dos empregados públicos. O procedemento sancionador.*
- Tema 33. Os bens das entidades locais. Réxime de utilización dos de dominio público.*
- Tema 34. As formas de actividade das entidades locais. A intervención administrativa na actividade privada. Procedemento de outorgamento de licenzas.*
- Tema 35. O servizo público na esfera local. Os modos de xestión dos servizos públicos. Consideración especial da concesión.*
- Tema 36. Procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacions e notificacións.*
- Tema 37. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Requisitos de constitución. Votacións. Actas e certificados de acordos.*
- Tema 38. Lexislación sobre réxime do solo e ordenación urbana: os seus principios inspiradores. Competencia urbanística municipal.*
- Tema 39. Facendas locais. Clasificacións dos ingresos. Ordenanzas fiscais.*
- Tema 40. Os orzamentos locais. Contabilidade e contas.*

11(811).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE “CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO BALAIÓDOS”. EXPTE. 4106/443.

Visto o informe de fiscalización do 03/09/19, dáse conta do informe-proposta de data 28/08/19, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por Decreto de Alcaldía de data 13.01.2017, delegouse no Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias para a execución das obras de cubrición de patios de colexios, entre outras.

II.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 18.04.2018 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de cubrición do patio do CEIP Balaídos, a prol do Arquitecto D. Leopoldo Salceda Alvite (36141899K)).

III.- O Arquitecto Leopoldo Salceda Alvite presenta borrador do proxecto “Cubrición do Patio do CEIP Balaídos”, cun orzamento base de licitación máis IVE de 397.485,15 euros.



Concello de Vigo

IV.- O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, en data 15.01.2019, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 16.01.2019, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

V.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 26 de decembro de 2018 recolle dentro do programa 3230 "Funcionamento de centros docentes de ensinanza" a aplicación orzamentaria 3430.622.00.05 "Cubrición de patios de colexios".

VI.- Consta no expediente administrativo de referencia, resolución de autorización das obras de cubrición do patio do colexio Balaídos, da Dirección de Augas de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade) de data 08.04.2019, condicionada ó cumprimento das seguintes condicións:

"Xerais

- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.
- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
- Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.
- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por tonta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditas conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.
- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando abrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras.
- Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.
- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución

motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.

- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

Particulares

- As obras, correspondentes ao “Proxecto de cubrición do patio do CEIP Balaídos”, consisten na construción de piares inclinados de formigón, estrutura metálica, cuberta de chapa de aluminio, peche de paramentos verticais con láminas curvas de policarbonato de diferentes cores, e máis pasarela metálica de 2 m de ancho para conexión de edificios, en parcela de referencia catastral 1334901NG2713S0001XU, en zona de policía e a unha distancia de 15,60 m do leito do río Lagares, na rúa Pablo Iglesias nº 1, no concello deVigo.

- Debe destacarse que a zona de actuación se atopa nun área de risco potencial significativo ARPSI, cualificado como zona de fluxo preferente e asolagable para un período estatístico de retorno de $T= 100/500$ anos na que o titular da autorización coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso e comprométese a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.

O titular asume os riscos derivados da condición da zona de fluxo preferente e asolagable para un período estatístico de retorno de $T= 100/500$ anos polo que calquera incidencia que se derive en episodios de enchentes nos traballos que se autorizan será responsabilidade do titular.

- Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito dorío.

- Prohibirase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estetraballos.

- Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentesordinarias.

- Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.

De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción.

Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ó río por escorrentas ou cheas.

Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado.



Concello de Vigo

- Una vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc ata conseguir a súa situación primitiva.
- O prazo para a realización das obras é de doce (12) meses, contado a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, a non ser que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.
- Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno."

VII.- A actuación desenrólase na rúa Pablo Iglesias nº 1, patio interior do CEIP Balaídos e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

- Desmontaxe de mobiliario existente, e luminaria existente, apertura de zanzas para cimentación profunda con incado de micropilotes, segundo memoria, creación de encepados nas cabezas e formación de viga de coronación de formigón armado.
- Execución de escavación previa para a relación de pilotaxe (cimentación profunda), con encepados e vigas riostras de conexión, con pilares circulares de formigón armado, rede de saneamento para recollida das augas pluviais e a súa conexión a rede existente.
- Execución de estrutura horizontal autoportante de perfilería metálica, coas correspondentes conexións cos pilares de formigón, con formación de pendentes de cuberta a base de subestrutura de apoio, e cubrición de chapa metálica, tipo sandwich, forrado lateral e perimetral a base pranchas de policarbonato sobre estrutura específica, execución de canelóns e recollida de augas pluviais, así como reixa de recorrida de augas exteriores, e condución a rede existente de pluviais.
- Colocación de luminarias, e instalación de punto de auga, reposición de mobiliario, e pavimentos, así como a recolocación de mobiliario existente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 3 meses.

VIII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite informe en data 01.07.2019 indicando o seguinte:

"...A parcela en cuestión de acordo con PXOU/93, atopase dentro do solo urbano consolidado, estando cualificado coa ordenanza 3,3 Zonas Culturais e Sociais.

Segundos os datos de titularidade a parcela dispón dunha superficie de 6.425,20 m², existindo na actualidade unha superficie construída pechada de 3.917,27 m², que unido a unha superficie de patios tapados de 279,86 , sendo o novo tapado de patio de 929,39 m², resulta un total construído de 5.126,52 polo que o conxunto total edificado na parcela da un resultante de dereito edificatorio de 0,798 m²/m²s, inferior a determina na ordenanza

municipal de 1,2. m²/m²s, polo que a nova proposta de tapado de patio adecúase a ordenanza que e de aplicación.

Con respecto a IOP con aprobación inicial de data Xuño de 2019, a parcela en cuestión non sofre alteracións en canto a calificación e cualificación alteracións con respecto a o PXOU/93.

Dispón de resolución favorable da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade Augas de Galicia de data 08/04/2019.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A supervisión do proxecto obxecto deste expediente, a documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2^a.4 da LCSP, é a Xunta de



Concello de Vigo

Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de "CUBRICIÓN DO PATIO DO CEIP BALAÍDOS", redactado polo Arquitecto D. Leopoldo Salceda Alvite, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS NOVENTA E SETE MIL CATROCENTOS OITENTA E CINCO EUROS con QUINCE CÉNTIMOS (397.485,15 €) e data xuño de 2019.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

12(812).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AEFAS 2019- "PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN"-EXPTE. 180188/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 18/09/19, dáse conta do informe-proposta de data 10/09/19, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, a secretaria de Admón. Municipal, o xefe de Área, e a concelleira-delegada de Política Social, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES.

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 14.02.2019, acordou aprobar as Bases e a convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2019», elaboradas polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 180188/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2019 consignouse unha partida por importe de 1.640.000 € destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “*Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética*”).

I.4. As Bases deste Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal e no BOP de Pontevedra nº 42 do 28 de febreiro de 2019. Durante o prazo establecido para a presentación de solicitudes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP nº 67, do 05.04.2019, tiveron entrada no Rexistro xeral municipal un total de 2.469 solicitudes.

I.5. Polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social) foron tramitadas as solicitudes e comprobado o cumprimento dos requisitos esixibles e a correspondente documentación acreditativa. A seguir, procedeu á súa avaliación de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. O procedemento de concesión das axudas previsto nas Bases pode esquematizarse do seguinte xeito:

–Os solicitantes debían cumprir os requisitos socio-económicos establecidos para adquirir a condición de beneficiario.

–A ditos solicitantes asignouelles unha puntuación en función da situación persoal ou da unidade de convivencia, segundo os criterios obxectivos das Bases.

–O crédito previsto para financiar o Programa (1.620.000 €) divídese entre o total dos puntos obtidos polos beneficiarios, dando así como resultado o valor económico de cada punto, que se multiplicou pola puntuación obtida por cada beneficiario para o cálculo da axuda a percibir. Reserváronse 20.000 € para atender, nunha segunda resolución, ás posibles reclamacións que se presenten.



I.7. Así, das 2.469 solicitudes presentadas, 1.612 resultarían estimadas e 857 desestimadas. De acordo coa Base 14ª, o crédito total dispoñible dividirase entre a suma dos puntos obtidos por todas as persoas e unidades seleccionadas, asignando un valor económico a cada punto, que multiplicarase polos puntos obtidos por cada persoa ou unidade, sendo o resultado a contía económica total a percibir. Así as cousas: 1.619.901,03 € (axuste á baixa de 1.620.000,00 €) / 12.837 puntos = 126,19 €/punto.

Como se indicou, a cantidade a percibir en cada caso (Anexo I) é o resultado de multiplicar ese valor do punto polo número deles obtidos por cada beneficiario, en función dos seus ingresos e número de membros da unidade de convivencia.

I.8. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta de data 09.09.2019).

I.9. Da información que obra en poder deste Departamento resulta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas; o que se pon de manifesto para os efectos do indicado na Base 13.1. do Programa.

I.10. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas.

I.11. Por razón do obxecto destas axudas extraordinarias e tendo en conta a necesaria protección do dereito á intimidade dos solicitantes, non se inclúen nos Anexos da Resolución desta convocatoria que serán obxecto de publicación os nomes e apelidos das persoas ás que se lles concedeu ou denegou a axuda. Uns e outros serán debidamente identificados co seu correspondente número de DNI/NIE/Pasaporte e a súa solicitude co número de documento do Rexistro de entrada no Rexistro xeral municipal. Nas concedidas, indicárase tamén o importe da axuda e, nas denegadas, a causa concreta da denegación.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Conceder ás 1.612 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 190.050.206 e remata co nº 190.069.499), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2019». O gasto total (1.619.901,03 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: *“Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”*.

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 857 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 190.050.207 e remata co nº 190.100.852) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Servizo de Benestar Social. Será obxecto de publicación tamén no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitirase a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Con todo, a Xunta de Goberno Local adoptará a decisión que estime máis oportuna.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(813).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓES A CORPORACIÓES LOCALES PARA PROGRAMAS DE EMERXENCIA SOCIAL E A INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓE XITANA, INMIGRANTE E OUTRAS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN. EXPTE. 191228/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/09/19, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política Social e a secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

I.1. O 21 de agosto de 2019 publicouse a “ORDEN de 6 de agosto de 2019 por la que se establecen las bases queregirán la concesión de subvenciones a corporaciones locales para



Concello de Vigo

programas de emergencia social y la inclusión social de la población gitana, inmigrante y otras personas en riesgo de exclusión, y se procede a su convocatoria para los años 2019 a 2021 (cofinanciada por el Fondo Social Europeo en el marco del programa operativo FSE Galicia 2014-2020) (código de procedimiento BS623C).”

I.2. Tipoloxía das subvencións:

1. Programas dirixidos á inclusión sociolaboral de colectivos vulnerables, que poden adoptar as seguintes tipoloxías:

- a) Programas dirixidos á inclusión social da poboación xitana.
- b) Programas dirixidos á inclusión social da poboación inmigrante.
- c) Programas dirixidos á inclusión social de persoas en situación ou risco de exclusión social.
- d) Programas específicos dirixidos a persoas sen fogar.

2. Programas complementarios de educación e apoio familiar dirixidos á familias en situación ou risco de exclusión social.

Cada tipoloxía de programa será solicitada no seu correspondente anexo (do III aoVI), en que se sinalarán a intervención social que se realizará e as súas accións complementarias, nas cales se especificará a natureza destas e demais datos relevantes para a resolución que lle sexan exixidos.

I.3 O Concello de Vigo xestiona programas incluídos na tipoloxía 1C e 1D así como na tipoloxía 2.

I.4 Entendemos que o Concello de Vigo cumpre cos requisitos para solicitar a subvención nas tipoloxías anteriormente citadas.

I.5. Entre a documentación a presentar se inclúe “Certificación da entidade en que conste o acordo ou resolución da entidade local de solicitar a subvención”.

I.6. Polo anteriormente exposto propoño se inicie expediente para a solicitude da subvención o abeiro da orde do 6 de agosto de 2019.

PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable propónse á XGL, a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Solicitar a subvención ao abeiro da “ORDEN de 6 de agosto de 2019 por la que se establecen las bases que regirán la concesión de subvenciones a corporaciones locales para programas de emergencia social y la inclusión social de la población gitana, inmigrante

y otras personas en riesgo de exclusión, y se procede a su convocatoria para los años 2019 a 2021 (cofinanciada por el Fondo Social Europeo en el marco del programa operativo FSE Galicia 2014-2020) (código de procedimiento BS623C).”

Con todo, a XGL decidirá, co seu superior criterio, o que estime procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(814).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez